

**AS LEIS 39/2015 E 40/2015 E AS SÚAS NOVIDADES EN MATERIA DE  
POTESTADE SANCIONADORA E PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE  
SANCIÓN S ADMINISTRATIVAS**

**Juan José Vázquez-Portomeñe Seijas**

*Avogado do Estado-xefe en Pontevedra*

*Letrado da Xunta de Galicia..*

**SUMARIO:** **I.-** PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA. **II.-** PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA. **III.-** O PROCEDEMENTO DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN S.

**RESUMEN:** Exposición das novidades en materia de potestade sancionadora e procedemento para imposición de sanción s administrativas incorporadas á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración s públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**PALABRAS CLAVE:** Sanción s administrativas, Lei 39/2015, Lei 40/2015, procedemento sancionador, potestade sancionador

## **I.- INTRODUCCIÓN**

A derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración s públicas e do procedemento administrativo común, dedicaba o seu título X á regulación “*Da potestade sancionadora*”.

Tal disciplina escindíase en dous capítulos, **que se ocupaban sucesivamente dos “Principios da potestade sancionadora” e dos “Principios do procedemento sancionador”**, abordando así por separado as vertentes substantiva e procedemental do exercicio do *ius puniendi* da Administración. A lei encontraba, ademais, **complemento regulamentario, no que á última se refería**, no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

O novo bloque normativo constituído pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mantén o enfoque de regular separadamente as vertentes **substantiva e procedemental do exercicio da potestade sancionadora da Administración. Pero, conforme a filosofía que inspirou o lexislador ao escindir tales normas (disciplinar en leis distintas as relacións *ad extra* das administracións cos cidadáns e o seu funcionamento interno e as súas relacións coas restantes, segundo reza na exposición de motivos da Lei 40/2015), faino en disposicións diferentes. Así, os principios da potestade sancionadora da Administración figuran na Lei de réxime xurídico do sector público mentres que a tramitación procedemental encontra a súa disciplina na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

Unha e outra norma introducen modificacións relevantes, ao exame das cales se van dedicar as seguintes páxinas.

## II.- PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA

A Lei de réxime xurídico do sector público dedica o capítulo III do seu título preliminar (artigos 25 ao 31) a regular os **“Principios da potestade sancionadora”**.

**Como mostra a súa propia localización sistemática, trátase dunha regulación básica e aplicable, como tal, a todas as administracións públicas: Administración xeral do Estado, administracións das comunidades autónomas, entidades que integran a**

Administración local e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das ditas administracións.

Os principios que se enuncian e regulan baixo tal epígrafe son idénticos aos que recollía a Lei 30/1992, é dicir, legalidade, irretroactividade, tipicidade, responsabilidade, proporcionalidade, prescrición e concorrencia de sancións. As modificacións que a nova regulación incorpora poden expoñerse como segue:

## **II.1.- Principio de legalidade**

### ***- Aplicación á potestade disciplinaria***

A diferenza da Lei 30/1992, que expresamente excluía da súa regulación o exercicio polas administracións públicas da súa potestade disciplinaria respecto do persoal ao seu servizo, o artigo 25.3 da Lei de réxime xurídico do sector público estende expresamente as súas normas ao exercicio da dita potestade. Isto “*calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego*”.

### ***- Exclusión das sancións contractuais e patrimoniais***

O artigo 25.4 da lei exclúe da aplicación das súas normas “*o exercicio polas administracións públicas da potestade sancionadora respecto daqueles que estean vinculados a elas por relacións reguladas pola lexislación de contratos do sector público ou pola lexislación patrimonial das administracións públicas*”.

En tales casos haberá que acudir ao Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e á Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, respectivamente.

## **II.2.- Principio de irretroactividade**

### ***- Extensión do seu alcance***

A Lei de réxime xurídico do sector público mostra unha vontade de dar o maior alcance ao principio da retroactividade das normas sancionadoras máis favorables. Fronte á núa afirmación da Lei 30/1992 de que “*As disposicións sancionadoras producirán efecto*

*retroactivo en canto favorezan o presunto infractor”*, sinala o artigo 26.2 da nova lei que *“As disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e os seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición”*.

Polo tanto, a retroactividade esténdese á definición das infraccións e das sancións e á fixación dos prazos de prescrición. E inclúe os casos en que, no momento da entrada en vigor da norma máis favorable, a sanción é xa firme e susceptible de execución.

### **II.3.- Principio de tipicidade**

A única das modificacións que incorpora a nova lei é a previsión expresa de que na tipificación legal das infraccións estas se clasifiquen en leves, graves ou moi graves (artigo 27.1).

### **II.4.- Principio de responsabilidade**

#### ***- Reforzamento da culpabilidade***

A Lei de réxime xurídico do sector público afianza o principio de responsabilidade ao eliminar a previsión que facía a Lei 30/1992 de incorrer naquela *“aínda a título de simple inobservancia”*. A nova norma sinala con claridade que a responsabilidade debe derivar necesariamente de *“dolo ou culpa”* (art. 28.1).

#### ***- Responsabilidade de entidades sen personalidade xurídica***

Prevese expresamente, cando unha lei lles recoñeza capacidade de obrar, a posible responsabilidade dos grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos (art. 28.1).

#### ***- Procedemento administrativo para fixación de danos e perdas***

Naturalmente, mantense o principio de que as responsabilidades ligadas á comisión dunha infracción son compatibles coa existencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario e coa indemnización polos danos e perdas causados.

A dita indemnización - prevese (art. 28.2) - elevando de rango a norma que xa consta no Regulamento de potestade sancionadora, será determinada e exixida polo propio órgano sancionador e, de non satisfacerse no prazo que para o efecto aquel determine en función da súa contía, habilitase o recurso á súa exacción na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, é dicir, a través dun procedemento administrativo e sen necesidade de acudir á vía xudicial.

#### ***- Responsabilidade solidaria polo incumprimento de obrigacións conxuntas***

A nova lei prevé (art. 28.3) o caso de que o cumprimento dunha obrigación establecida por lei corresponda a varias persoas conxuntamente, e sinala que todas elas responderán solidariamente das respectivas infraccións e sancións. Pero exceptúase o caso en que a sanción prevista sexa pecuniaria, suposto no cal a responsabilidade de cada infractor se individualizará na resolución en función do seu grao de participación na infracción se, engádese, isto resulta posible.

#### ***- Responsabilidade por omisión do deber de previr infraccións de terceiros***

A Lei do sector público recolle expresamente (art. 28.4) a posibilidade de que leis reguladoras de réximes sancionadores tipifiquen como infracción, cando se lles impuxese a determinados suxeitos a obrigación de previr a comisión de infraccións administrativas por quen estea suxeito a eles por relación de dependencia ou vinculación, o incumprimento da dita obrigación preventiva. É dicir, en tales casos poderán ser sancionados tanto os que perpetren unha determinada infracción como os que (desde unha certa relación de supremacía) desatendesen a súa obrigación legal de evitalo.

#### ***- Responsabilidade do pagamento de sancións impostas a terceiros***

Prevese igualmente a posibilidade de que as leis sancionadoras establezan supostos en que determinadas persoas responderán do pagamento das sancións pecuniarias impostas aos que delas dependan ou a elas estean vinculadas (art. 28.4).

En tal caso, a diferenza do anterior, establécese unha simple responsabilidade de pagamento, pero sen conferir ao obrigado condición de infractor (que se limita ao sancionado con multa).

## **II.5.- Principio de proporcionalidade**

### ***- Parámetros que hai que considerar: culpabilidade, continuidade, reincidencia.***

En relación coa proporcionalidade, é dicir, a idoneidade e necesidade da sanción en relación coa infracción cometida, a Lei do sector público fixa con maior precisión os parámetros que se deben considerar para gradualala, e menciona expresamente entre eles (xunto cos xa mencionados pola Lei 30/1992) o grao de culpabilidade, a continuidade ou persistencia na conduta infractora (expresión que substitúe a de “reiteración”) e a reincidencia (art. 29.3).

### ***- Reincidencia***

A reincidencia defínese (art. 29.3.d) como a comisión no prazo dun año de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

O inciso “*en vía administrativa*” (ausente na Lei 30/1992) deixa claro que abonda coa firmeza administrativa da sanción, sen ser necesario esperar á súa firmeza xudicial, no caso de que a resolución sancionadora fose impugnada en tal vía.

### ***- Imposición da sanción inferior en grao***

A nova normativa prevé a posibilidade de impoñer a sanción no grao inferior ao que correspondese á infracción cometida para adecuala á gravidade do feito infractor e ás circunstancias concorrentes (art. 29.4).

### ***- Unidade de conduta con pluralidade de infraccións***

A lei prevé que, cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou doutras, se impoñerá só a sanción correspondente á máis grave cometida, norma xa presente no Regulamento sobre a potestade sancionadora (art. 29.5).

### ***- Infracción administrativa continuada***

Defínese como tal a realización dunha pluralidade de accións ou omisións que infrinxan o mesmo ou semellantes preceptos administrativos, en execución dun plan preconcebido ou aproveitando idéntica ocasión (art. 29.6). De novo, tal norma figuraba xa contida no Regulamento sobre a potestade sancionadora.

## **II.6.- Principio de prescripción**

A Lei do sector público incorpora relevantes novidades neste ámbito.

### ***- Prescripción de infraccións continuadas ou permanentes***

No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comeza a contar desde que finaliza a conduta infractora (art. 30.2).

### ***- Prescripción de sancións non firmes***

No sistema da Lei 30/1992, as sancións pendentes de recurso de alzada non eran executables mentres non gañasen firmeza administrativa, mediante a resolución expresa daquel (art. 138.3). Pero, como correlato disto, a prescripción non comezaba a computar ata o dito instante. Polo tanto, mentres non se resolvía o recurso de alzada, a Administración non podía executar a sanción, pero esta tampouco podía prescribir, situación reiteradamente avalada pola xurisprudencia.

A Lei do sector público establece, polo contrario, que *“No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso”* (art. 30.3, parágrafo terceiro).

Polo tanto, o cómputo da prescripción iníciase, sen necesidade de que recaía resolución expresa, unha vez excedido o prazo legal para resolver o recurso.

Preséntase aquí un problema de dereito transitorio. ¿Iníciase, ao abeiro de tal precepto, a prescripción se a sanción fora imposta antes da entrada en vigor da Lei do sector público pero o prazo para resolver o recurso de alzada esgótase cando está xa vixente? Dada a grande amplitude con que o seu artigo 26.2 configura o principio de

retroactividade das disposicións máis favorables en materia sancionadora, unha resposta positiva non parece infundada, de modo que transcorrido o prazo para resolver comezarían a prescribir mesmo as sancións pendentes de recurso xa antes de entrar en vigor a nova disposición.

## **II.7.- Principio de non concorrencia de sancións**

### ***- Concorrencia con sancións da Unión Europea***

A nova lei mantén, obviamente, o principio de que non se poderán sancionar os feitos que o fosen xa penal ou administrativamente, se existe identidade de suxeito, feito e fundamento, pero dáse rango legal á previsión do Regulamento de procedemento sancionador de que, sen prexuízo de que a Administración declare a comisión da respectiva infracción, cando a Unión Europea impuxese unha sanción polos mesmos feitos, e sempre que non concorra a identidade de suxeito e fundamento, o órgano competente para resolver deberá tela en conta para efectos de graduar a que, se é o caso, deba impoñer, e poderá minorala (art. 31.2).

Prohíbese, pois, tamén respecto das sancións impostas pola Unión Europea, o *bis in idem* cando concorra a tripla identidade de suxeito, feito e fundamento.

### ***- Inexistencia de prohibición do non bis in idem procedemental***

A lei non incorporou a vertente procedemental do *non bis in idem*, é dicir, a prohibición de incoar un segundo procedemento sancionador ante a tripla identidade de suxeito, feito e fundamento (que figuraba no Regulamento de procedemento sancionador). Non parece, porén, censurable tal omisión, pois a referida identidade pode ser aspecto que só se patentice no marco, precisamente, dun segundo procedemento. E, en todo caso, este non poderá nunca concluír nunha resolución sancionadora, presuposta a identidade citada.



### III.- O PROCEDIMENTO DE IMPOSICIÓN DE SANCIONES

Tras a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non existe xa, en propiedade, un procedemento administrativo sancionador, como sucedía baixo a vixencia da Lei 30/1992. A imposición de sancións virá precedida da tramitación do procedemento administrativo común regulado no seu título IV, aínda que aquela incorporará algunhas particularidades cando o seu obxecto é o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

En congruencia con isto, a nova lei derroga tanto a regulación dos “*Principios do procedemento sancionador*” (como parte da Lei 30/1992) **como** o Regulamento de procedemento sancionador, na súa integridade.

**Non obstante, a lei remite á súa regulación específica os** procedementos sancionadores en materia tributaria e alfandegueira, na orde social, en materia de tráfico e seguridade viaria e en materia de estranxeiría (disposición adicional primeira.2.c)), normativa especial, pois, que subsiste.

As modificacións que incorpora a nova regulación poden expoñerse como segue:

#### III.1.- Actuacións previas

##### - *Propósito*

A nova lei sinala (art. 55.2) que nos procedementos sancionadores se orientarán a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento a persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes duns e doutros.

##### - *Competencia*

Tales actuacións serán realizadas polos órganos con funcións de investigación, pescuda e inspección na materia e, na falta destes, pola persoa ou órgano administrativo que determine o órgano competente para iniciar ou resolver o procedemento (art. 55.2).

### **III.2.- Incoación**

#### ***- Modo de incoación***

A nova lei mantén o principio de que cando o procedemento se dirixe a impoñer sancións só se pode iniciar de oficio (art. 65.1), sexa por propia iniciativa do mesmo órgano, por orde de órgano superior, por pedimento doutro órgano ou por denuncia.

Establécese o contido que deberán incorporar, “*na medida do posible*”, as respectivas peticións ou ordes doutros órganos: presuntos responsables, feitos, tipificación... (arts. 60.2 e 61.3)

#### ***- Prohibición de incoación dun segundo procedemento***

Unha innovación destacable (que, de novo, dá rango legal á norma que xa consta no Regulamento da potestade sancionadora) é a prohibición de iniciar novos procedementos por infraccións en cuxa comisión o infractor persista de forma continuada mentres non recaia unha primeira resolución sancionadora con carácter executivo (art. 63.3). É, pois, preciso que a resolución gañase firmeza na vía administrativa para incoar un segundo procedemento.

#### ***- Contido do acordo de incoación***

Detállase o contido mínimo do acordo de incoación do procedemento, que debe indicar que, en caso de que o interesado non efectúe alegacións en prazo, aquel poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada (art. 64.2).

#### ***- Prego de cargos***

Prevese que, excepcionalmente, cando no momento de ditar o acordo de iniciación non existan elementos suficientes para a cualificación inicial dos feitos, esta se poida diferir a un momento posterior mediante a elaboración dun prego de cargos, que deberá ser notificado aos interesados (art. 64.3).

### **III.2.1) En particular, a denuncia**

A nova lei presta maior atención á figura da denuncia e do denunciante, en particular, cando se invoca nesta un prexuízo para o patrimonio das administracións públicas.

#### ***- Cargas fronte ao denunciante***

Aínda que o denunciante segue sen ser considerado interesado no procedemento (art. 62.5), a nova lei privilexia a súa posición cando aquel invoca un prexuízo no patrimonio das administracións públicas, pois no dito suposto a non iniciación do procedemento deberá ser motivada e notificaráselle se se iniciou ou non o procedemento (art. 62.3). No Regulamento da potestade sancionadora a dita notificación era necesaria cando a denuncia ía acompañada dunha solicitude de iniciación do procedemento, polo que actualmente desapareceu a dita necesidade se non media alegación de prexuízo para o patrimonio administrativo.

#### ***- Exención de responsabilidade do denunciante***

Cando, de novo, existe prexuízo para o patrimonio administrativo, prevese a exención de responsabilidade do denunciante que participase na infracción cando existan outros infractores e aquel sexa o primeiro en achegar probas que permitan iniciar o procedemento ou comprobar a infracción, sempre e cando no momento de achegarse aquelas non se dispoña de elementos suficientes para iso e se repere o prexuízo causado (art. 62.4, parágrafo primeiro).

#### ***- Redución de responsabilidade do denunciante***

Se, aínda non cumpríndose algunha das condicións referidas, o denunciante facilita elementos de proba que acheguen un valor engadido significativo respecto daqueles dos que se dispoña, a lei establece a necesaria redución da súa sanción (art. 62.4, parágrafo segundo).

Nos dous casos, cómpre para acceder a tales beneficios que o denunciante cese na participación da infracción e que non destrúise elementos de proba relacionados co obxecto da denuncia (art. 62.4, parágrafo terceiro).

### **III.3.- Terminación do procedemento**

A Lei 39/2015 prevé catro formas distintas de terminación dos procedementos sancionadores.

#### **III.3.1.- Terminación anticipada**

Trátase dun modo de terminación ligado á constatación, durante a instrución do procedemento, dalgún dos seguintes aspectos (art. 89.1):

- a) A inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción.
- b) Que os feitos non resulten acreditados.
- c) Que os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Que non exista ou non se puidese identificar a persoa ou persoas responsables ou ben aparezan exentas de responsabilidade.
- e) Que prescriba a infracción.

En tales casos, o órgano instrutor (non, pois, o sancionador) pode acordar a finalización do procedemento, con arquivamento das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución. Pero cabe tamén que tales circunstancias se incorporen á proposta de resolución e o procedemento termine por resolución do órgano sancionador (art. 89.2), de contido, claro está, absolutorio.

#### **III.3.2.- Recoñecemento de responsabilidade**

##### ***- Recoñecemento simple ou sen pagamento***

Se, iniciado un procedemento sancionador, o infractor recoñece a súa responsabilidade, a lei prevé que se poderá resolver aquel impondo a sanción que proceda (art. 85.1).

### ***- Pagamento da sanción***

Se a sanción ten carácter pecuniario ou ben se xustificou a improcedencia das non pecuniarias que cabería impoñer, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e perdas causados pola comisión da infracción (art. 85.2).

### ***- Reducións aplicables en tales casos***

En ambos os dous casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver aplicará, prevé a lei, reducións de, polo menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, que serán estes acumulables entre si.

Tales reducións deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción (art. 85.3).

A dita porcentaxe de redución poderá ser incrementada regulamentariamente.

### **III.3.3.- Resolución ordinaria**

#### ***- Proposta de resolución: alcance da vinculación a esta da resolución***

A resolución ordinaria deberá ser precedida pola formulación dunha proposta de resolución notificada aos interesados, cuxo contido se detalla con precisión, ademais do da propia resolución (arts. 89.2 e 3 e 90).

Hai que salientar que, en canto ao contido da resolución, o artigo 90.1 omite a indemnización de danos e perdas, se estes se produciron e foron xa cuantificados no expediente (en caso de que non fosen cuantificados, hai que acudir ao procedemento complementario descrito polo artigo 90.4, ao que logo se fará referencia).

Dando rango legal á norma que xa consta no Regulamento da potestade sancionadora, a lei prevé que a proposta de resolución vincule esta no referente aos feitos determinados no curso do procedemento, pero non á súa valoración xurídica, que pode ser diferente. Non obstante, cando o órgano competente para resolver considere que a infracción ou a sanción revisten maior gravidade que a determinada na proposta de

resolución, notificaráselle ao inculpado para que presente cantas alegacións xulgue convenientes no prazo de quince días (art. 90.2).

### **III.4.- Execución**

#### ***- Executividade***

A resolución que poña fin ao procedemento será executiva - prevé o artigo 90.3 - cando non caiba contra ela ningún recurso ordinario na vía administrativa. Polo tanto, serao cando non caiba xa nin recurso de alzada nin de reposición, sexa porque foron desestimados expresamente, sexa porque non se recorreu en prazo.

#### ***- Medidas cautelares***

Pódense adoptar nela as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexa executiva, que poderán consistir no mantemento das medidas provisionais previamente acordadas (art. 90.3).

#### ***- Suspensión da execución ligada ao recurso contencioso-administrativo***

Cando a resolución sexa executiva, poderase suspender cautelarmente, se o interesado manifesta á Administración a súa intención de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución firme na vía administrativa. Esta suspensión cautelar finalizará cando transcorra o prazo legalmente previsto sen que o interesado interpuxese recurso contencioso-administrativo ou, tendo o interesado interposto recurso contencioso-administrativo, non se solicitase no mesmo trámite a suspensión cautelar da resolución impugnada ou o órgano xudicial se pronuncie sobre a suspensión cautelar solicitada, nos termos previstos nela (art. 90.3, parágrafo segundo).

### **III.5.- Resarcimento de danos e perdas**

Dando rango legal á norma que xa consta no Regulamento da potestade sancionadora, a lei establece que, cando as condutas sancionadas causasen danos ou prexuízos ás administracións e a contía destinada a indemnizar estes danos non quedase determinada no expediente, se fixará mediante un procedemento complementario, cuxa

resolución será inmediatamente executiva. Este procedemento será susceptible de terminación convencional, pero nin esta nin a aceptación por parte do infractor da resolución que puiden recaer implicarán o recoñecemento voluntario da súa responsabilidade. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa (art. 90.4).

Polo tanto, se a contía en que se cifran os danos quedase xa determinada no expediente, non procede tramitar este expediente complementario e aquela establecerase na propia resolución sancionadora.

### **III.6.- PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO**

Dando, unha vez máis, rango legal a unha norma xa contida no Regulamento da potestade sancionadora, o artigo 96.5 da nova lei establece que a Administración poderá optar pola tramitación simplificada do procedemento (que tal precepto describe), para os efectos de impoñer una sanción, cando o órgano competente para inicialo considere que, de acordo co previsto na súa normativa reguladora, existen elementos de xuízo suficientes para cualificar a infracción como leve.

En materia sancionadora, a diferenza dos restantes supostos, os interesados non poden formular oposición para os efectos de obrigar a Administración a recorrer ao procedemento ordinario.